

CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E LABORATORIOS LEO PHARMA, S.A.U., PARA A ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE FORMATIVA DERMACAMPUS "DERMATOLOXÍA NO ÁMBITO DE ATENCIÓN PRIMARIA" 2024.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) formalizou, o 05.11.2024, coa entidade Laboratorios Leo Pharma, S.A.U., o instrumento convencional arriba referido. O convenio estará vixente desde o día seguinte ao da súa firma ata o 31 de decembro 2024 salvo denuncia expresa de calquera das partes cunha antelación mínima de 15 días naturais á prevista para a finalización da súa vixencia ou resolución anticipada. Será prorrogable por común acordo das partes cando as circunstancias do cumprimento do seu obxecto aconsélleno, prórroga que deberá formalizarse por escrito. Todo de conformidade co disposto no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto realizar unha actividade formativa en liña "DERMATOLOXÍA NO ÁMBITO DE ATENCIÓN PRIMARIA" 2024, formación actualizada en enfermidades dermatolóxicas para médicos de Atención Primaria e pediatras: para mellorar o diagnóstico de patoloxías dermatolóxicas, optimizar procesos de derivación á atención hospitalaria e permitir o establecemento de ferramentas de comunicación entre diferentes profesionais sanitarios e lograr unha maior adherencia aos tratamentos e unha maior seguridade para os nosos pacientes.

Levaranse a cabo 2 edicións da actividade formativa, cunha duración de 10 horas cada, durante o ano 2024.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, creouse a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en diante ACIS), adscrita á Consellería de Sanidade. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de elaborar, en réxime de descentralización funcional, a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade e xestionar o coñecemento no Sistema público de Saúde de Galicia.

A súa presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.

Laboratorios LEO Pharma, S.A. é unha entidade privada dedicada á investigación e desenvolvemento, importación, distribución e venda de produtos farmacéuticos, dermatolóxicos, cosméticos e en xeral produtos para o coidado da saúde, incluíndo saúde de animais, así como as súas materias primas.

O convenio formalízase ao amparo do establecido no artigo 48.1. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no que se prevé que *“As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes..., no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia.”* e, de modo específico, no artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, no que se regulan os *“Convenios de colaboración empresarial en actividades de interese xeral”* e en cuxo apartado 1 establécese que *“Se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral, para os efectos previstos nesta Lei, aquel por o cal as entidades a que se refire o artigo 16, a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, comprométense por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas devanditas actividades.”*

*A difusión da participación do colaborador no marco dos convenios de colaboración definidos neste artigo non constitúe unha prestación de servizos.”*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público





pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado acudir á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

